



25.- Terminación del procedimiento. Obligación de resolver. El silencio administrativo. El desistimiento y la renuncia. La caducidad.

26.- Órganos colegiados locales: clases y funcionamiento. Convocatoria y órdenes del día. Actas y certificación de acuerdos.

27.- Recursos administrativos: actos susceptibles de recurso. Clases de recursos.

28.- La población municipal. El padrón de habitantes. El estatuto de los vecinos. Derechos de los extranjeros.

29.- La hacienda local. Clasificación de los ingresos, fases de la potestad tributaria, fiscalidad de las haciendas locales. Ordenanzas fiscales. Tramitación, contenido, entrada en vigor.

30.- Los presupuestos locales y el gasto público. Estructura presupuestaria, formación y aprobación, anexos, contenido, entrada en vigor, ejercicio presupuestario, liquidación, modificaciones presupuestarias. Clases de gastos, créditos para gastos, control y fiscalización de la gestión económica y financiera. El Tribunal de Cuentas. Contabilidad y cuentas.

31.- El personal al servicio de las corporaciones locales: clases y régimen jurídico. La función pública local: clases de funcionarios locales. Principios reguladores del acceso al empleo local. Sistemas selectivos.

32.- Los deberes de los funcionarios locales. El régimen disciplinario, y el régimen de incompatibilidades.

33.- La informatización de los entes locales: concepto de informática, elementos, programas de aplicación, sistemas, tratamiento de textos; archivo y base de datos; hojas de cálculo aplicadas a facturas: ACCESS, el correo electrónico, edición, impresión. Procesador de textos Microsoft Word 97.

34.- El contrato de trabajo: partes, capacidad para contratar y contenido. Las prestaciones del trabajador y del empresario. Modificación, suspensión y extinción del contrato de trabajo.

Barbadás, 23 de diciembre de 2005. El alcalde.

R. 5.748

## Coles

### Edicto

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión do 9 de xaneiro de 2006, o orzamento xeral para o exercicio económico 2006, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o citado exercicio, segundo o disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como noutras disposicións concordantes, expone ó público na secretaría deste Concello, por un prazo de 15 días hábiles, que comezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente edicto no BOP, co fin de que durante este prazo poidan formularse as reclamacións oportunas, que deberán dirixirse ó alcalde desta Corporación.

Coles, 10 de xaneiro de 2006. O alcalde.

### Edicto

Una vez aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación, en sesión de 9 de enero de 2006, el presupuesto general para el ejercicio económico de 2006, el cuadro de personal y la relación de puestos de trabajo para el citado ejercicio, según lo dispuesto en el artículo 169.1 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, así como en otras disposiciones concordantes, se expone al público en la secretaría de este ayuntamiento, por un plazo de 15 días hábiles, que empe-

zarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el BOP, a fin de que durante este plazo puedan formularse las reclamaciones oportunas, que deberán dirigirse al alcalde de esta Corporación.

Coles, 10 de enero de 2006. El alcalde.

R. 136

## Lobios

### Edicto

O Pleno do Concello de Lobios, na sesión que tivo lugar o día 18 de novembro de 2005, aprobou inicialmente a imposición e modificación das ordenanzas fiscais reguladoras de diversos tributos municipais.

No BOP n.º 272, de data 28 de novembro de 2005, publicouse o edicto no que se anunciaba a exposición ó público de tal acordo e ordenanzas, que estiveron expostas durante o prazo de 30 días sen que durante o dito prazo se presentaran alegacións ou reclamacións, polo que de conformidade co artigo 17.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o dito acordo adquiriu o carácter de definitivo.

Por todo isto e de conformidade co establecido no apartado 4 do citado artigo 17 do texto refundido, procédese á publicación dos textos íntegros das ordenanzas fiscais que se foron obxecto de imposición e modificaron, como requisito previo á súa entrada en vigor.

Lobios, 29 de decembro de 2005. O alcalde.

### Anexo

#### Impostos:

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133 e 142 da Constitución española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do título II e artigos 93 e seguintes da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, régúlase mediante a presente Ordenanza fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible.

1.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa neles. Para os efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) Os remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cando a súa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tri-



butaria, a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.

#### Artigo 3º.- Exencións.

1.- Estarán exentos deste imposto todos aqueles vehículos a que se refire o artigo 94 da Lei reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada no artigo 30 da Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Para poderse acoller ás exencións aquí previstas no caso dos apartados e) e g) do citado artigo 94, os interesados deberán presentar unha solicitude dirixida ó Concello á que deberan achega-los seguintes documentos:

a) No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo.
- Fotocopia do certificado de características do vehículo.
- Fotocopia do carné de conducir (anverso e reverso).
- Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo organismo competente.

b) No suposto de tractores, remolques, semi-remolques e maquinaria agrícola:

- Fotocopia do permiso de circulación.
- Fotocopia do certificado de características.
- Fotocopia da cartilla de inspección agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

2.- Con carácter xeral, o efecto da concesión de exencións empeza a partir do exercicio seguinte ó da data de solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Non obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación do imposto sexa firme, concederase a exención se na data de percibo do tributo concorren os requisitos esixidos.

#### Artigo 4º.- Tarifas.

As tarifas do imposto serán as establecidas con carácter xeral polo artigo 95 do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2005, do 5 de marzo, coas modificacións introducidas polo artigo 18.24 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

#### Artigo 5º.- Bonificacións.

Establécense as seguintes modificacións sobre as tarifas a que se refire o artigo anterior:

a) Do 100% no caso de titulares de vehículos de carácter histórico ou cunha antigüidade superior ós 25 anos.

b) Os vehículos dos que sexan titulares quen á súa vez sexa titular de carné de familia numerosa, en calquera das súas categorías, gozará dunha bonificación do 50% da cota de tarifa.

En ámbolos casos a bonificación deberá ser solicitada polo interesado, achegando a documentación acreditativa da antigüidade do vehículo ou o título de familia numerosa. Os efectos da bonificación terán o mesmo tratamento que o establecido no artigo 3.2 desta ordenanza.

#### Artigo 6º.- Período impositivo.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso da primeira adquisición do vehículo. Neste caso o período comezará o día en que se produza a adquisición.

2.- O imposto percíbese o primeiro día do período impositivo.

3.- Nos casos de baixa definitiva, ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, ratearase a cota por trimestres naturais.

4.- Cando a baixa teña lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicita-la devolución do importe que por aplicación do rateo previsto no punto 3 lle corresponda.

#### Artigo 7º.- Réxime de declaración e liquidación.

1.- Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma deles, sempre que se altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén

nos casos de transferencia, de cambio de domicilio ou de baixa dos ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida xefatura o pagamento do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de tódalas débedas polo dito concepto liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúase desta obriga de acreditación do pagamento para os vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

2.- A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3.- As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do rexistro público de Tráfico e nas comunicacións da Xefatura de Tráfico relativa ás altas, baixas, cambio de domicilio e transferencias que reciba o concello.

#### Artigo 8º.- Ingresos.

1. No caso das primeiras adquisicións ou interesado provisto da declaración-liquidación, poderá ingresa-lo importe da cota do imposto resultante na oficina municipal xestora ou nunha entidade bancaria colaboradora. En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo a oficina xestora verificará que o pagamento se faga na contía correcta e deixará constancia da verificación no impreso de declaración.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase no período de cobro que fixe o concello, anunciándose por medio de edictos publicados no BOP e no taboleiro de anuncios da casa do concello, e o período de pagamento voluntario nunca poderá ser inferior a 3 meses.

3. O padrón ou matrícula do imposto, unha vez aprobado polo órgano municipal competente, exporase ó público por un prazo de 20 días para que os interesados lexitimos poidan examinalo, e, de se-lo caso, formula-las reclamacións ou alegacións oportunas, que as resolverá o mesmo órgano que aprobe o padrón. A exposición ó público anunciarase no BOP e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

#### Disposición adicional.

As modificacións producidas pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra norma do mesmo rango legal, que afecte a calquera elemento deste imposto, e poidan supoñer-la modificación desta ordenanza, será de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

#### Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno mediante acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 18 de novembro de 2005, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1º de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación, ben por decisión do concello ou por imperativo legal.

O alcalde. A secretaria habilitada.

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas ós concellos polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, exercendo a potestade tributaria da que está investido polo artigo 4.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade cos artigos 106 da dita Lei e 59.2 e 100 a 103 da Lei reguladora das facendas locais, na nova redacción dada polo texto refundido da Lei aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e seguindo o procedemento establecido nos artigos 15 a 19 da indicada Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o imposto sobre